

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,  
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN  
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 44556 (10/PNC-003574)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Novo Fariña, María Isabel e 6 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019*
- 1.2 48579 (10/PNC-003924)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis  
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun documento que permita unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais galegas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019*
- 1.3 49153 (10/PNC-003972)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019*
- 1.4 50006 (10/PNC-004049)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Santos Queiruga, Carmen  
Sobre a oferta de axudas económicas equivalentes ao prezo das matrículas realizada polo Goberno galego ao estudantado que queira facer un curso de capacitación para exercer de socorrista  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019*

- 1.5            51086 (10/PNC-004103)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Miranda Pena, Flora María  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir que as persoas que exercen cargos públicos de responsabilidade coñezan, dominen e utilicen a lingua galega nos ámbitos oficiais, formais ou de representación  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019*
- 1.6            51498 (10/PNC-004117)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa prestación en Galicia dos servizos de comunicación audiovisual radiofónicos comunitarios sen ánimo de lucro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019*
- 1.7            52001 (10/PNC-004156)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a prestación do servizo de garda as vinte e catro horas nos xulgados de Instrución da Coruña e de Vigo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 498, do 04.07.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019



PARLAMENTO  
DE GALICIA

José Manuel Rey Varela

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE  
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE  
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**  
POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

**Vogais**

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Beatriz Mato Otero	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
María Teresa Porritt Lueiro	S
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	M

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 04.09.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.        Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 04.09.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      44556(10/PNC-003574)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novo Fariña, María Isabel e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de  
Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos  
ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco

*Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019*

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Isabel Novo Fariña, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e César Manuel Fernández Gil**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Mediante unha Orde do Ministerio do Interior de xuño de 1991, se adscribe unha Unidade do Corpo Nacional de Policía á Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do previsto no Real Decreto 221/1991, do 10 de febreiro, e tamén en base ao acordo de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, formalizado en outubro de 1990.

Na prorroga deste Acordo, de outubro de 2005, estando o Partido Socialista tanto no Goberno de Galicia coma no Goberno do Estado, se determinaba o número de efectivos do cadro de persoal desta Unidade de Policía Adscrita (UPA), fixándoo en 500 efectivos.

Sen embargo, desde o ano 2008 e posteriores se producira na UPA unha incesante perda de persoal, ata baixar aos 348 efectivos no ano 2011, sen que o Goberno socialista do Estado fixese nada por remediar esta situación.

Tivo que ser o novo Goberno do PP en Madrid, o que, practicamente desde o comezo, en xaneiro de 2012 adoptase a decisión de fortalecer o persoal da UPA, convocando nos anos 2012 e 2013 sendos concursos para a provisión de prazas na Unidade, que chegou ao seu teito histórico a mediados de 2013 con 474 efectivos, o que supón o 95% do seu cadro de persoal.

Deste xeito a UPA desde o ano 2013 fora incrementando competencias, especialmente ás referidas á protección de mulleres vítimas de violencia de xénero, pero tamén fortalecendo a loita contra os incendios forestais e contra furtivismo e marisqueo ilegal. Pero agora de novo, motivado por varios factores como xubilacións, ascensos e pases á segunda actividade, a UPA perdeu demasiados efectivos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com







GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 44556  
Data envío: 24/01/2019 14:17:49.317

Nese sentido, no programa electoral co que nos presentamos ás eleccións autonómicas do ano 2016, comprometimos que “*Propiciaremos a mellora dos medios humanos e materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), de xeito que permita a creación de novos equipos operativos, cumprindo máis eficaz e eficientemente as súas funcións, dando así mellor resposta ás demandas da sociedade galega. Neste sentido, manteremos as liñas de colaboración co Ministerio de Interior, semellantes ás que permitiron incrementar nos anos 2012 e 2013 o número de efectivos da UPA, e asinar en 2014 e 2015 sendos protocolos de colaboración*”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o debate en comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado que por parte do Ministerio do Interior, a través da *Dirección General de la Policía* se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita para incrementar canto menos ata 475 os seus efectivos, de xeito que esta Unidade poida cumprir coas funcións que actualmente está prestando”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/01/2019 14:06:22**

**María Isabel Novo Fariña na data 24/01/2019 14:09:59**

**Paula Prado Del Río na data 24/01/2019 14:15:03**

**Alberto Pazos Couñago na data 24/01/2019 14:15:17**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-INZSOx84-0  
Verificado  
https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 16:30:00  
Nº Registro: 44556  
Data envío: 24/01/2019 14:17:49.317**

**Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2019 14:15:32**

**Antonio Mouriño Villar na data 24/01/2019 14:16:23**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 24/01/2019 14:16:54**

**César Manuel Fernández Gil na data 24/01/2019 14:17:05**

CSX REGISTRO-INV2SQx84-0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 04.09.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      48579(10/PNC-003924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun documento que permita unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais galegas

*Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Unha vez pechado o exercicio económico 2018 e presentado o documento correspondente á execución orzamentaria do dito exercicio, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no prazo de un mes elabore un documento que permita ter unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais galegas.

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

#### **Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/04/2019 11:24:32**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/04/2019 11:24:40**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2019 11:24:50**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/04/2019 11:24:59**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2019 11:25:11**



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 04.09.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3      49153(10/PNC-003972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación coa prohibición de bandeiras e doutros símbolos  
políticos nos estadios deportivos

*Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/04/2019 13:24:29  
**Nº Rexistro: 49153**  
Data envío: 15/04/2019 13:24:29.945

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, relativa á requisa de bandeiras galegas nos estadios de fútbol.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira reiterada véñense producindo requisas nos estadios de bandeiras galegas estreleiras e outros símbolos de identificación política. De todos xeitos, non hai unha actuación uniforme nin por parte das autoridades de interior nin por parte dos clubs e así nuns estadios permítese a exhibición destes símbolos e noutros prohíbese drasticamente.

Un bo exemplo deste contraste de criterios é o que acontece nos estadios de Balaídos e Pasarón. Así, mentres a afección do Celta pode exhibir libremente bandeiras e outros símbolos de identidade, no caso do Pontevedra existe unha prohibición expresa por parte da dirección do clube, que se traduce na requisa de bandeiras estreleiras, bandeiras republicanas, bandeiras co escudo de Castelao... e na advertencia de sancións ás persoas que exhiben estes símbolos. Neste sentido, nas últimas tempadas tramitáronse cando menos dous expedientes sancionadores con multas de 300 e 500 euros, xunto coa prohibición de entrada ao estadio.

CSM-REXISTRO07/UWsv5cL9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/04/2019 13:24:29

Nº Rexistro: 49153

Data envío: 15/04/2019 13:24:29.945

Para o BNG, estamos diante dunha actitude represora que na práctica supón un atentado contra a liberdade ideolóxica e a liberdade de expresión, dereitos fundamentais nun estado que se di democrático. E o que é mais grave, estamos diante dun burdo intento de criminalización da exhibición de símbolos que son expresións lexítimas do pluralismo político, ao establecerse una relación perversa entre a exhibición destes símbolos e a incitación á violencia.

Invócase para a requisa e prohibición destes símbolos a Lei 19/2007 de 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. Concretamente faise referencia ao artigo 2, que tipifica como actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte, entre outras, as seguintes:

“A exhibición nos recintos deportivos, nos seus aledaños ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen, dalgunha forma inciten, fomenten ou axuden á realización de comportamentos violentos ou terroristas, ou constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo”.

Asemade, o artigo 6 prohibe exhibir bandeiras e outras enseñas “que inciten á violencia ou en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, a súa relixión ou conviccións, a súa discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual”.

Parece claro que na forma de proceder do Pontevedra CF e da seguridade do estadio de Pasarón empréganse criterios arbitrarios e inmotivados baixo escusa dunha suposta seguridade. Un xeito de proceder que leva a prohibir de xeito preventivo as

CSX4\_RFXSTFRQq7UWsv6cL9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/04/2019 13:24:29  
Nº Rexistro: 49153  
Data envío: 15/04/2019 13:24:29.945

bandeiras estreleiras e a estigmatizar e criminalizar as ideas que se expresan por medio deste símbolo.

Con respecto a esta cuestión, cabe sinalar que existen sentenzas xudiciais que conclúen que prohibir bandeiras esteladas nos estadios conculca a liberdade de expresión, polo que as autoridades deben evitar a inclusión da exhibición deste tipo de símbolos entre os actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego aproba como resolución:

Condenar a prohibición preventiva, arbitraria e inmotivada das bandeiras estreleiras e outros símbolos identitarios galegos nos estadios deportivos, así como denunciar a estigmatización das ideas pacíficas e democráticas que se expresan por medio deses símbolos.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/04/2019 13:24:29**  
**Nº Rexistro: 49153**  
Data envío: 15/04/2019 13:24:29.945

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/04/2019 13:17:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/04/2019 13:17:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2019 13:17:57**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/04/2019 13:17:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2019 13:18:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2019 13:18:01**

CSX: REXISTROq7UWsv6cL9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 50006(10/PNC-004049)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a oferta de axudas económicas equivalentes ao prezo das matrículas realizada polo Goberno galego ao estudantado que queira facer un curso de capacitación para exercer de socorrista

*Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/05/2019 18:08:46  
**Nº Rexistro: 50006**  
Data envío: 16/05/2019 18:08:46.998



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.<sup>a</sup>.

### Exposición de motivos

Galicia continúa sendo a segunda comunidade autónoma na que máis persoas falecen afogadas, só por detrás das Illas Canarias, segundo o último Informe Nacional de Afogamentos (INA) da Real Federación Española de Salvamento e Socorrismo. Nos primeiros catro meses do ano, 8 persoas morreron afogadas na nosa comunidade.

Tódolos anos repítese a mesma situación, con cifras de afogados que se aproximan ás de mortos nas estradas. Non obstante, dende as institucións non se poñen os medios suficientes para atallar a traxedia. Tampouco parece que se vaia facer este ano.

En 2018, unha vintena de concellos non puideron contratar o número de socorristas que precisaban, polo que moitos deles non puideron izar as bandeiras azuis que xa tiñan asignadas.

A presidenta da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA) alerta agora de que a situación pode repetirse de novo este verán, xa que este ano diminuíron o número de persoas interesadas en realizar os cursos de capacitación que habilitan para exercer de socorrista.

CSM-REXISTRO71hwT3107  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





Hai tres razóns que explican que a xente mostre cada vez menos interese por traballar de socorrista:

- En primeiro lugar, trátase dun traballo moi estacional. A contratación só está asegurada os meses de xullo e agosto.
- En segundo lugar, o curso de capacitación que antes costaba 400 euros agora vale 1.300, polo que moitas persoas, sobre todo estudantes, non poden facer fronte ao prezo da matrícula.
- Por último, malia que o curso de capacitación é cada vez máis caro, os salarios son cada vez máis baixos.

Dada a súa estacionalidade, o socorrismo podería ser unha opción moi adecuada para os estudantes que queren gañar diñeiro durante o verán, pero, para iso, terían que recibir axudas económicas que lles permitisen pagar o prezo do curso de capacitación.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a ofrecer axudas económicas equivalentes ao prezo das matrículas aos estudantes que queiran facer un curso de capacitación para exercer de socorristas.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Vicevoceira do G.P. de En Marea.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2019 18:08:46**  
**Nº Rexistro: 50006**  
Data envío: 16/05/2019 18:08:46.998



**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 16/05/2019 18:08:08**

CSX: REXISTRO7ghwoT307  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 04.09.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.5        51086(10/PNC-004103)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir que as persoas que exercen cargos públicos de responsabilidade coñezan, dominen e utilicen a lingua galega nos ámbitos oficiais, formais ou de representación

*Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/06/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 51086**  
Data envío: 10/06/2019 14:36:08.290



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª**.

### Exposición de motivos

O día sete de xuño de 2019, durante a Comisión de Pesca e Marisqueo, o Grupo Parlamentar de En Marea realizou unha pregunta de control sobre o saneamento das rías galegas. Para dar resposta a ela compareceu a Directora de Augas de Galicia, dona Teresa Gutiérrez.

Á marxe do insatisfactorio que puido resultar o propio contido da comparecencia, esta produciuse integramente en lingua castelá.

Malia ser conscientes da orixe cántabra da Directora, entendemos que unha persoa que ostenta unha elevada responsabilidade na administración pública galega ten, cando menos, a obriga ética do coñecemento da lingua propia do país. E do seu uso en ámbitos oficiais.

Somos coñecedoras tamén da normativa que ampara o uso da lingua castelá no desenvolvemento das sesións do Parlamento de Galicia, mais apelamos ao sentido de responsabilidade e respecto coa lingua propia minorizada que cómpre **normalizar**. Existe un marco legislativo que reconece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia.

O Parlamento de Galicia é a institución onde radica a soberanía lexislativa e onde as deputadas e deputados electos polo pobo galego desenvolvemos a súa representación. Isto é merecente do máximo grao de respecto ás súas

CSM-REXISTROZAZHELWLO  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





coordenadas culturais e lingüísticas. A lingua é o distintivo da identidade máis elemental dun pobo e dunha cultura (Ramón Piñeiro, recollido no prólogo do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega).

O preámbulo do plan de normalización lingüística establece que a política lingüística non é un elemento lateral da Administración e as accións dirixidas a mellorar a situación do galego levaranse a cabo dende a totalidade da Xunta de Galicia e das institucións que dela dependen.

Era un obxectivo do Plan de Normalización Lingüística “consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración autonómica e establecer un mecanismo de coñecemento e control sobre ese cumprimento”.

Na citada sesión da Comisión Octava, a Directora á que se fai mención non tivo a diferenza de desculparse polo escaso dominio do galego, cuestión que tería sido cando menos prezada e valorada.

Ademais a dita Directora esqueceu que onde si ten a obriga de respectar a lei é no uso da toponimia propia. Non resulta aceptable a deturpación de topónimos como Arousa (pronunciado Arosa). Así o recoñece a Lei 3/1983 do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG 14.7.1983), que establece no seu artigo 10 que os topónimos terán como única forma oficial a galega.

Á marxe da cuestión puntual e asumindo que é unha necesidade común e colectiva a mellora no uso e dominio da lingua galega, consideramos que a Administración Galega debe esixir ás persoas que ocupan cargos de responsabilidade o coñecemento e utilización desta lingua cando menos en ámbitos de participación formal ou oficial.

O Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/06/2019 16:30:00**  
**Nº Registro: 51086**  
Data envío: 10/06/2019 14:36:08.290



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que poña todos os medios precisos para garantir o coñecemento, dominio e utilización do galego entre as persoas que ocupan cargos de responsabilidade en ámbitos laborais, oficiais, formais ou de representación, respectando e coidando o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceira do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 10/06/2019 14:34:47**

**Luis Villares Naveira na data 10/06/2019 14:34:52**

CSX, REGISTRO ZHELWDL0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 04.09.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.6        51498(10/PNC-004117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en  
relación coa prestación en Galicia dos servizos de  
comunicación audiovisual radiofónicos comunitarios sen ánimo  
de lucro

*Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/06/2019 13:44:20  
Nº Rexistro: 51498  
Data envío: 13/06/2019 13:44:20.830

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión** sobre os dereitos de emisión dos servizos de comunicación comunitarios sen ánimo de lucro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Recentemente o Tribunal Supremo vén de rexeitar o recurso presentado pola Xunta de Galiza contra a sentenza do TSXG que, en outubro de 2018, deu a razón á emisora comunitaria CUAC FM en relacións aos seus dereitos de emisión.

O conflito entre a Xunta de Galiza e a radio comunitaria coruñesa remóntase a hai varios anos. Concretamente a setembro de 2017 cando a Xunta enviou a CUAC FM unha notificación ameazando con sancións de entre 100 mil e 200 mil euros se continuaba a emitir “sen licenza”.

CUAC presentárase en 2012 ao concurso público co que o Goberno galego repartira o espectro radioelétrico porén, non obtivera licenza.

Nese contexto, a radio comunitaria decidiu cesar nas emisións a través de FM (dando continuidade á programación a través da rede) e iniciar un proceso xudicial para defender os seus dereitos de emisión como radio comunitaria.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 13/06/2019 13:44:20

Nº Registro: 51498

Data envío: 13/06/2019 13:44:20.830



Fixérono amparándose na lexislación vixente, no concreto na Lei 7/2010 Xeral da Comunicación Audiovisual que no seu artigo 32 sinala:

1. As entidades privadas que teñan a consideración legal de entidades sen ánimo de lucro poderán prestar servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro para atender a necesidades sociais, culturais e de comunicación específicas de comunidades e grupos sociais, así como para fomentar a participación da cidadanía e a vertebración do tecido asociativa.

2. A Administración Xeral do Estado debe garantir en todo caso a dispoñibilidade do dominio público radioelétrico preciso para a prestación destes servizos.

3. A prestación deste tipo de servizos require licenza previa. No devandito título estableceranse as condicións que aseguren a súa natureza sen ánimo de lucro, sendo posíbel establecer o uso compartido dunha mesma canle así como as condicións dese uso.

4. A adxudicación da licenza leva aparellada a concesión de uso privativo do dominio público radioelétrico dispoñíbel para a prestación do servizo. A Administración Xeral do Estado habilitará o dominio público radioelétrico preciso para a prestación destes servizos.

5. A licenza en ningún caso poderá perder o seu carácter orixinal de servizo de comunicación audiovisual comunitario sen ánimo de lucro e non poderá ser obxecto de transmisión nin arrendamento.

Así mesmo, a Disposición Transitoria 14ª da mesma lei obriga, nun prazo de doce meses desde a entrada en vigor da mesma, a desenvolver regulamentariamente o

CSX4 REGISTRO DE GALICIA  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/06/2019 13:44:20**  
**Nº Rexistro: 51498**  
Data envío: 13/06/2019 13:44:20.830

procedemento de concesión de licenza para este tipo de servizos de comunicación de carácter comunitario.

En outubro de 2018 o TSXG dálle a razón ao recurso presentado por CUAC cunha contundente sentenza na que o tribunal sinala a responsabilidade directa da Xunta de Galiza. Ao non desenvolver o marco normativo, a Secretaría Xeral de Medios está a imposibilitar a obtención de licenza de CUAC o que supón unha vulneración do dereito fundamental á liberdade de expresión da cidadanía e a recibir e comunicar libremente información (artigo 20 da CE).

Malia o traspés, a Xunta decide recorrer o fallo perante o Tribunal Supremo que, finalmente, deu a razón a á emisora ao non admitir o recurso do Goberno galego dando por firme a sentenza do TSXG. Así mesmo, o Supremo imponlle á Xunta de Galiza as costas do proceso até un máximo de mil euros.

A batalla xudicial iniciada por CUAC FM non só recoñece os dereitos desta emisora senón de todas as radios comunitarias sen ánimo de lucro que están a ver furtados os seus dereitos fundamentais e, por extensión, os do conxunto da poboación. Ao mesmo tempo, evidencia o flagrante incumprimento da lexislación por parte da Xunta de Galiza mais tamén do Goberno español.

En 2017 esta cuestión xa foi obxecto de iniciativas por parte do Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego. De facto, en outubro dese ano como resposta a unha pregunta escrita rexistrada pola nosa organización, a Xunta de Galiza aseguraba que correspondía ao Estado español desenvolver regulamentariamente a Lei 7/2010 sobre a prestación do servizo de radios comunitarias sen ánimo de lucro remitindo ás Comunidades Autónomas a planificación radioeléctrica para poder, a partir dese momento “atender as solicitudes das radios comunitarias sen ánimo de lucro, cuxo

CSX4 REXISTRO D O C R U G A N E U 3  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/06/2019 13:44:20**  
**Nº Rexistro: 51498**  
Data envío: 13/06/2019 13:44:20.830

outorgamento esixe a convocatoria dun concurso público específico en concorrencia competitiva”.

Así as cousas, o TSXG foi moi claro ao sinalar que a Xunta de Galiza ten responsabilidade directa ao ter privado as radios comunitarias galegas da concesión de licenzas que a lei lles recoñece e apuntando a falta de desenvolvemento normativo por parte do Goberno galego como causante desa situación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reclamar ao Goberno do Estado a habilitación de espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicación audiovisual radiofónicos comunitarios sen ánimo de lucro en Galiza.
2. Desenvolver regulamentariamente a Lei 7/2010 en relación aos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro garantindo o dereito de acceso a licenza dos mesmos. Para tal fin e en canto sexa posíbel, a Xunta de Galiza desenvolverá un concurso público específico para estes servizos.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/06/2019 13:44:20**  
**Nº Registro: 51498**  
Data envío: 13/06/2019 13:44:20.830

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 12:52:38**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 12:52:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 12:52:56**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 12:53:03**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 12:53:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 12:53:20**

CSV: FEXYSTFR0cRUcaAEU3  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 04.09.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.7      52001(10/PNC-004156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia  
para a prestación do servizo de garda as vinte e catro horas  
nos xulgados de Instrución da Coruña e de Vigo

*Publicación da iniciativa, 498, 04.07.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/06/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 52001  
Data envío: 27/06/2019 16:13:38.391

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Mais por desgraza, nestes últimos anos de Goberno de Feijóo a Administración de Xustiza en Galicia sinalou a falta de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa comunidade ten no eido dunha institución tan esencial.

Nestes días, o sindicato UGT-Xustiza ten comunicado o inicio das xestións necesarias para instaurar servizos de garda 24 horas na xurisdición penal para as cidades de A Coruña e Vigo, pois a diario chegan aos xulgados de instrución de garda das dúas cidades multitude de asuntos penais que deberían ser axilizados. Unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

O propio Consello Xeral do Poder Xudicial ten emitido informe favorable á prestación do servizo 24 horas de garda nas cidades de Murcia, Granada, Las Palmas ou, no pasado mes de marzo, Córdoba (con 342.806 habitantes en 2018, tendo A Coruña, 378.467 e Vigo, 337.735). De feito, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os de A Coruña e Vigo.

CSM-REXISTROZ7518m6U9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/06/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 52001**  
Data envío: 27/06/2019 16:13:38.391

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a emitir informe favorable, a través da comisión Mixta, para que o TSX de Galicia propoña que o servizo de garda nos xulgados de instrución de A Coruña e de Vigo se pase a prestar cun período de 24 horas, dotando aos ditos xulgados dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2019 16:10:37**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2019 16:10:49**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2019 16:11:02**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2019 16:11:38**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es